



DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO RELATIVA AO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO MARAGOUTO, NOS CONCELLOS DE MAZARICOS E OUTES (A CORUÑA), PROMOVIDO POR GREEN CAPITAL POWER, S.L. (CLAVE: 2018/0036)

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en base ás súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece no seu artigo 7.1.a) que os proxectos comprendidos no seu anexo I someteranse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Entre os proxectos que figuran no dito anexo I atópanse, no grupo 3.i), os parques eólicos que teñan 50 ou máis aeroxeradores, ou máis de 30 MW ou que se atopen a menos de 2 km doutro parque eólico en funcionamento, en construción, con autorización administrativa ou con declaración de impacto ambiental.

Este sería o caso da actuación pretendida, dado que o parque terá unha potencia de máis de 30 MW.

Considerando o anterior, o proxecto someteuse ao trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria e, téndose practicado o referido procedemento, procede formular a correspondente declaración de impacto ambiental (DIA), de acordo co disposto no artigo 41 da dita Lei 21/2013.

1. INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO

1.1. Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto é Green Capital Power, S.L. e o órgano substantivo a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

1.2. Obxecto do proxecto, descrición e localización

De acordo co estudo de impacto ambiental de setembro de 2020, o proxecto ten por obxecto a execución dun parque eólico de 34,65 MW de potencia total nos concellos de Outes e Mazaricos, composto por 10 aeroxeradores (numerados de M02 a M11) e a súa infraestrutura asociada (vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias do cableado, unha subestación transformadora 30/132 kV e centro de control, e unha torre meteorolóxica) que se localizarán dentro do polígono definido polas seguintes coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29N):

Vértices poligonal	UTM X	UTM Y
P1	500.875,08	4.746.786,49
P2	504.875,08	4.746.786,49
P3	504.875,08	4.743.380,49
P4	500.875,08	4.743.380,49

As características principais do proxecto, segundo a súa configuración inicial, son as seguintes:

- Número de aeroxeradores: 10





- Modelo previsto: Gamesa G132 ou similar
- Potencia nominal unitaria: 3,465 MW
- Potencia total instalada: 34,65 MW
- Altura de buxa: 134 m
- Diámetro de rotor: 132 m
- Orzamento (execución material): 31.796.916,71€

De acordo coa documentación achegada, a evacuación da enerxía xerada no parque realizarase mediante unha liña aérea de simple circuito á tensión de 132kV ata a súa conexión coa subestación de Banzas 30/132kV. A dita LAT de 132kV e a SET de Banzas, son obxecto de senllos proxectos independentes.

Debido a certos condicionados xurdidos durante a tramitación de avaliación de impacto ambiental do expediente, derivados principalmente dos informes da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Dirección Xeral de Patrimonio natural e Augas de Galicia, o promotor propón unha serie de modificacións no parque respecto do reflectido no EsIA de setembro de 2020, polo que as características do parque serán as seguintes:

- Número de aerogeradores: 7
- Modelo previsto: Gamesa G132 ou similar
- Potencia nominal unitaria: 3,465 MW
- Potencia total instalada: 24,255 MW
- Altura de buxa: 134 m
- Diámetro de rotor: 132 m
- Orzamento (execución material): 23.791.248,45€

2. TRAMITACIÓN E ANÁLISE DO EXPEDIENTE

2.1. Resumo da tramitación

O 26.10.2017 Green Capital Power, S.L., presentou ante a Dirección Xeral de Enerxía e Minas (antiga denominación da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais) unha solicitude de autorización administrativa previa e de construción para o parque eólico Maragouto.

O 19.02.2018 recibíuse nesta consellería un oficio da Dirección Xeral de Enerxía e Minas no que solicita que o órgano ambiental lle facilite a relación de organismos e persoas interesadas aos que debe pedir informe para cumprir co trámite de consultas establecido no artigo 37 da Lei 21/2013. Para o cal achegaba un EsIA e un proxecto de execución, ambos de decembro de 2017.

En data 06.03.2018 notificouse á antedita dirección xeral a relación de organismos e persoas a consultar solicitada.

O 07.02.2020 a Dirección Xeral de Enerxía e Minas remítenos un novo oficio de consulta, no que informa que o 30.09.2019 o promotor presentou unha solicitude de modificación substancial do parque eólico, e solicita ao órgano ambiental a relación de organismos e persoas interesadas que deben emitir informe sobre o EsIA segundo o disposto no artigo 33.4 da antedita Lei 8/2009, do 22 de decembro pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de compensación Ambiental. Tamén indica que posteriormente lle comunicou ao promotor que cumpría cos requisitos do artigo 31 da Lei 8/2009. Achega par iso un EsIA e un proxecto de execución, ambos de setembro de 2019.

O 12.03.2020 remitíuselle novamente á Dirección Xeral de Enerxía e Minas, a relación de organismos e persoas a consultar sobre o EsIA.





Logo disto, mediante Acordo do 27 de novembro de 2020 (publicado no DOG núm. 244, do 03.12.2020), a Xefatura Territorial da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Coruña someteu a información pública a solicitude de autorización administrativa previa e de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do proxecto do parque eólico Maragouto. Así mesmo, a dita xefatura territorial efectuou o trámite de consultas sobre o EslA.

O 20.05.2022 recíbese na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático o expediente ambiental do proxecto, remitido pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais como órgano substantivo por razón da materia, que, entre outra documentación, contén o *Estudio de impacto ambiental parque eólico Maragouto. Septiembre 2020* e o *Proyecto parque eólico Maragouto. Septiembre 2020*.

Xa iniciada a revisión e a análise técnica do expediente recibido, considerouse necesario emendalo nunha serie de aspectos e completalo, entre outra documentación, cos informes complementarios formulados pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural e Augas de Galicia; e cunha addenda onde se inclúan os cambios no proxecto como resultado da tramitación ambiental, así como a avaliación de impacto ambiental dos mesmos e unha descrición e unha cuantificación de todas as características do parque que foron modificadas. Consecuentemente, o 29.07.2022, esta dirección xeral remitiu ao órgano substantivo a correspondente solicitude de emenda.

O 03.11.2022, recíbese a documentación solicitada, a excepción do informe complementario de Augas de Galicia, que se recibe o 28.12.2022.

Namentres, o 19.12.2022, o órgano ambiental solicita á Dirección Xeral de Patrimonio Natural un informe complementario en relación coa caracterización dos efectos sinérxicos e acumulativos, polo que o 20.12.2022, a anterior dirección xeral emite informe ao respecto.

O 12.01.2023 recíbese na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático unha documentación elaborada polo promotor en contestación ao último informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, respecto da cal, a dita dirección xeral emite o seu derradeiro informe con data 14.01.2023.

Finalmente, en data 13.01.2023 o órgano substantivo achega unha serie de documentación elaborada polo promotor, entre a que consta o documento titulado *ADENDA al "Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Maragouto. Septiembre 2020". Diciembre 2022* (asinada o 30.12.2022), na que se recolle a configuración definitiva do proxecto trala información pública e as consultas.

2.2. Resumo da análise técnica do expediente

O expediente de avaliación de impacto ambiental contén, entre outra documentación, o estudo de impacto ambiental (EslA), o documento técnico do proxecto de execución, diversas addendas e documentación complementaria incorporada ao longo da tramitación, os anuncios e certificados de exposición pública, as alegacións ambientais e os informes recibidos como resultado dos trámites de información pública e de consultas sobre o EslA e as súas addendas ou documentación complementaria de ser o caso.

■ En canto aos informes, pódese indicar o seguinte:

- A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, realiza unha análise das principais cuestións en relación co patrimonio cultural recollidas no estudo de impacto ambiental e no seu Anexo III, que incorpora os resultados da prospección arqueolóxica realizada. Ademais de mencionar diferente eivas na documentación presentada, resalta os seguintes aspectos en canto as afeccións aos bens do patrimonio cultural:
 - Salienta que na documentación achegada, identifícanse ata 20 bens, dos que 11 son de carácter arqueolóxico. Respecto a estes últimos, unicamente se considera que existe





impacto sobre o coñecido como Túmulo de Beleiros. Concretamente, estaría a 3 m do vieiro de acceso ao aeroxerador M8 e a 8 m da gabia de cableado que discorre paralela ao mesmo; parte da plataforma do aeroxerador M8, o vieiro de nova apertura de acceso ao aeroxerador 9 así como a súa plataforma, proxéctanse no contorno de protección do túmulo; e a SET e a zona de casetas de obra e amontoamento de residuos, tamén se atopan parcialmente dentro do mesmo contorno de protección.

- Outro ben que a dirección xeral resalta que se verá amplamente afectado é o Cruceiro na parcela das Cruces (situado nun cruce de catro camiños, entre o vieiro principal do parque e os vieiros de acceso aos aeroxeradores M08 e M09), identificado no PXOM de Outes como CR-49, e incorrectamente identificado no EsIA como Cruceiro de Tavilo. Este cruceiro é considerado un ben de interese cultural (BIC) de acordo coa Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. No seu informe, a dirección xeral describe os impactos aos que o cruceiro estará sometido por mor da execución do parque pero tamén durante o seu funcionamento pola súa situación nun vieiro de acceso de maquinaria pesada. Concretamente, menciona a afección que suporá o novo vieiro de acceso ao aeroxerador M9, a proximidade de determinadas infraestruturas de grandes dimensións como os aeroxeradores M8 e M9, e o acondicionamento e circulación da maquinaria polo vieiro principal do parque de acceso aos aeroxeradores da zona sur (M08, M09, M10 e M11). En definitiva, estima que as actuacións, tal e como están planificadas, supoñen unha notable alteración do contorno de protección do BIC xa que o altera notablemente, incidindo na percepción e comprensión dos seus valores como referente cultural nun cruce de camiños con escala humana, así como afectar á integridade física do propio ben e á súa apreciación no lugar, no que deixará de ser un referente ao ser eclipsado visualmente polas infraestruturas do parque eólico.
- A maiores, indica tamén que ao aeroxerador M05 sitúase nunha parcela na que existen muros de pedra feitos coa técnica tradicional de construción de pedra en seco, considerada parte do patrimonio cultural inmaterial de Galicia, e tamén incluída na Lista Representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade dende 2018.

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural conclúe que é necesaria a presentación de nova documentación tendo en conta unha serie de consideracións e propostas de modificación do parque eólico Maragouto, e entre as que cita as seguintes:

- De acordo coas fontes consultadas, constata que dentro da poligonal do parque eólico e no seu contorno existen bens do patrimonio cultural, de recente localización e non recollidos na avaliación, que poden verse afectados polas obras da infraestrutura eólica, polo que é necesario que se incorporen ao EsIA, se valoren e avalíen.
- Detectan tamén indicios da posible existencia dun túmulo ao carón do vieiro de acceso principal ao parque, nos lindeiros das parcelas de referencia catastral 15063B50700178 e 15063B50700179, polo que se deberá confirmar a súa existencia.
- En canto á afección ao túmulo de Beleiros, propónse o seguinte:
 - Os aeroxeradores M08 e M09, así como o vieiro de nova construción de acceso ao M09, a zona de casetas de obra e a subestación, deberán desprazarse fóra do contorno de protección subsidiario do Túmulo de Beleiros.
 - Asemade, no caso de que sexa preciso acondicionar vieiros existentes dentro do contorno de protección subsidiario do Túmulo de Beleiros, deberase realizar unha intervención arqueolóxica consistente na realización de sondaxes valorativas na contorna do elemento. No caso de aparecer restos de interese arqueolóxico na fase de sondaxes, deberá comunicarse á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Porén, no caso de resultar negativos os resultados destas sondaxes, a realización das ampliacións deberán facerse na parte oposta do elemento. A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras dentro do contorno de protección deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá de ser presencial e continuo.
- Respecto do Cruceiro na parcela das cruces (identificado como CR-49 no PXOM de Outes), indica o seguinte:





- Deberá buscarse outro acceso aos aerogeradores da zona sur (M9, M10 e M11) de xeito que non se utilice como vieiros de acceso os camiños que conforman o cruce no que se sitúa o ben.
- Dado a envergadura das infraestruturas eólicas, estímase que se debe aplicar, para o Cruceiro na parcela das cruces, un contorno de protección de 200 m, que debe quedar libre de calquera tipo de obra relacionada co parque eólico. En consecuencia, o aerogerador M9 deberá desprazarse para situarse máis afastado deste elemento.
- Tendo en conta o anterior, deberá buscarse outro vieiro de acceso ao aerogerador M08 que estea fóra do contorno de protección do cruceiro.
- Desprazarse tamén a subestación de tal xeito que o emprazamento definitivo deberá respectar o referido contorno de protección de 200 m co fin de que non teña unha incidencia visual tan directa sobre o ben a protexer.
- Respecto ao aerogerador M5, deberá axustarse o seu emprazamento de xeito que non se afecte ao muro de pedra seca existente na parcela, non admitíndose que o mesmo sexa desmontado e volto a montar nin na mesma nin noutra posición.
- En xeral, os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural, deberán quedar libres tanto de obra nova relacionada co parque eólico coma de zonas de amoreamento de material.

A nova proposta deberá estar acompañada dunha documento de Avaliación de Impacto sobre o patrimonio cultural que conteña todos os bens identificados nos distintos documentos (memoria inicial e addendas), grafando nos planos todos os bens correctamente identificados dentro da poligonal do parque eólico.

Consecuentemente, o promotor introduce unha serie de modificacións na configuración do parque: elimínanse os aerogeradores M05, M08 e M09; trasládase a SET e a zona de casetas de obra lindeira; modificación do acceso aos aerogeradores M02, M03, M04, M10 e M11 e á torre de medición; ademais da modificación das gabias e a nova localización da zona de amontoamento de materiais, etc. Achega nova documentación ao respecto, avaliando novamente o impacto sobre o patrimonio cultural, concretamente elabora os documentos *Informe técnico de análisis sobre posibles afecciones a cierres tradicionales construídos con la técnica de pedra en seco, dentro del Proyecto del Parque Eólico Maragouto, ayuntamientos de Outes y Mazaricos (A Coruña) (noviembre 2021)*, e *Memoria Refundida de evaluación de impacto sobre el patrimonio cultural del Proyecto del Parque Eólico Maragouto, ayuntamientos de Outes y Mazaricos (A Coruña) (diciembre 2021)*.

Unha vez analizada a nova documentación achegada, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural informa favorablemente, pero mantendo o condicionado do anterior informe en canto aos seguintes aspectos:

- Os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico. A tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na normativa ao respecto.
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá de ser presencial e continuo nos contornos de protección dos xacementos arqueolóxicos documentados. Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade de las obras.
- Os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural, deberán quedar libres tanto de obra nova relacionada co parque eólico e a liña de evacuación proxectada coma de zonas de amoreamento de materiais.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.





Engade que as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural de acordo coa Lei 5/2016.

O promotor achega un escrito onde mostra a súa conformidade co informado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

- O Instituto de Estudos do Territorio (IET), no seu primeiro informe, resume as principais características do proxecto, describe a paisaxe afectada polo mesmo e analiza o estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) achegado así como os efectos do proxecto sobre a paisaxe e as medidas de integración paisaxística. Neste sentido, indica que o EIIP inclúe os contidos esixibles de acordo coa Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia e o seu regulamento, polo que formalmente pode considerarse completo e axeitado á entidade do proxecto.

Resalta, por outra banda, que o proxecto provocará unha intrusión visual pola súa alta visibilidade, derivada das dimensións das infraestruturas e da súa posición dominante no relevo. Os principais impactos virán derivados da distancia á que se sitúan os núcleos rurais, moitos, a menos de 1 km, e cita o caso de San Cristovo, Lestaio, Esperante, Mirás, Loios, Lucil, A Vila do Monte, Guimarei ou Valadares. Así mesmo, indica que, de acordo coa web do Rexistro eólico de Galicia, nun radio de 5 km atópanse catro parques en explotación (o máis cercano, a uns 1,6 km) e outros 6 en fase de tramitación, situándose o aeroxerador máis próximo a uns 460 m da posición M02. Polo tanto, considera que a presenza doutros parques eólicos provocará un efecto sinérxico na paisaxe diminuindo a calidade visual e estética das escenas agrarias características da contorna.

Identifica tamén outros posibles impactos derivados da execución das infraestruturas, xa que poden verse afectados os muros tradicionais de pedra que aparecen delimitando os predios agrarios ou ao bordo dos camiños e pistas, e que constitúen elementos de interese paisaxístico e etnográfico da paisaxe agraria da contorna.

Conclúe que, aínda que as medidas de integración paisaxística recollidas polo promotor no EIIP poden considerarse, en xeral, adecuadas para reducir ou mitigar os impactos do proxecto, recomenda adoptar as seguintes medidas para asegurar unha mellor integración paisaxística:

- No caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual. Con tal fin, estableceranse criterios de deseño e medidas correctoras para reducir a visibilidade das instalacións de consenso cos habitantes dos núcleos afectados. Como exemplo, suxire a plantación de especies arbóreas autóctonas que mitiquen a incidencia visual e/ou a redución do número de aeroxeradores con maior impacto sobre aa poboación.
- Estableceranse tamén medidas de deseño nos viarios de nova construción ou nos existentes a acondicionar para non afectar e conservar os muros de peche de pedra tradicional.
- Recomenda tamén conservar os pés de vexetación arbórea existentes no recinto da subestación, e de ser o caso, reforzala con especies arbóreas ou arbustivas autóctonas e propias da zona para atenuar a súa visibilidade. En todo caso, aconsella aplicar os criterios da *Guía de cor e materiais* dispoñible na páxina web da Xunta de Galicia.

O promotor, achega os documentos titulados *Informe técnico de análisis sobre posibles afecciones a cierres tradicionales construídos con la técnica de pedra en seco, dentro del Proyecto del Parque Eólico Maragouto, ayuntamientos de Outes y Mazaricos (A Coruña) (noviembre 2021), Estudio para la implantación de medidas correctoras del impacto paisajístico del Parque Eólico Maragouto: apantallamiento con plantaciones arbóreas. Diciembre 2021, e Estudio de Impacto e Integración Paisajística referido al Parque Eólico Maragouto. Diciembre*





2021. Todos estes documentos analizan a configuración da planta modificada como consecuencia do trámite de consultas, distinta á recollida no EsIA de setembro do 2020 e coas modificacións descritas no apartado 1.2.

O IET informa a nova documentación achegada, resaltando que, tras analizar o EIP comproba que o proxecto presenta modificacións respecto ao informado previamente (elimínanse as posicións M5, M8 e M9, desprázase a subestación 100 m cara o leste, modifícase a rede de camiños do parque, etc.). Reitera que o principal impacto deriva da proximidade dos aroxeadores aos núcleos de poboación, o que sumado ás dimensións das infraestruturas proxectadas e os outros parques en funcionamento ou en tramitación, provoca unha alta incidencia visual nunha contorna de marcado carácter agrario. Conclúe finalmente que coa documentación achegada dáse resposta ás consideracións efectuadas no seu anterior informe.

O promotor achega un escrito onde mostra a súa conformidade co informado polo IET.

- A Dirección Xeral de Patrimonio Natural, emite un primeiro informe do estudo de impacto ambiental de setembro de 2020, no que logo de expoñer uns antecedentes administrativos e un resumo do proxecto, efectúa unha análise da documentación recollendo as principais cuestións en relación coas características do patrimonio natural do ámbito (existencia de hábitats de interese comunitario, posible presenza de especies ameazadas etc.).

Recolle unha serie de aspectos do EsIA en canto ao inventario de hábitats e flora, a identificación e valoración de impactos e as medidas protectoras e correctoras, que, de acordo co expresado polo Servizo de Patrimonio Natural da Coruña, presentan deficiencias.

Conclúe que non é previsible que o proxecto xere efectos significativos sempre e cando se garanta o cumprimento das medidas contempladas na documentación achegada e o seu programa de vixilancia ambiental, e ademais, se teñan en conta as seguintes consideracións:

- De xeito previo á obras, comprobarase a ausencia na zona obxecto das actuacións de especies protexidas (especialmente as especies de flora incluídas no CGEA), prohibíndose, no caso de atopar especies incluídas no CGEA, calquera actuación que lles afecte. De demostrarse a súa existencia, comunicárase aos servizos provinciais competentes en patrimonio natural, e de ser preciso, solicitarase a correspondente autorización.
- Teranse en conta os condicionantes da Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, e o Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación de pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, especialmente no referido á conservación do arborado de ribeira e a alteración da calidade das augas (non se afectará a máis vexetación de ribeira que a estritamente necesaria, queda prohibida calquera vertedura de material contaminante ou que poida afectar á calidade das augas, evítanse amontoamentos en zonas onde se poidan producir arrastres ás canles fluviais, etc.)
- Se durante a execución do proxecto se detecta ou demostra calquera afección significativa sobre os valores naturais da zona, tomaranse as medidas adecuadas de acordo co que indiquen os servizos provinciais.

Complementariamente, resalta a importancia da aplicación de accións para a protección da avifauna e os quirópteros, polo que estima oportuno que o proxecto incorpore medidas adicionais que garantan a minimización do impacto por colisión. Neste sentido:

- Para os quirópteros, propón restrinxir a rotación das pas o máis posible por baixo da velocidade de réxime e informar no plan de vixilancia ambiental (PVA) sobre os tempos en que a velocidade do vento foi inferior ao limiar establecido e a porcentaxe en que os aroxeadores permaneceron parados.
- Tamén recomenda, para a avifauna, implantar tecnoloxías de redución do impacto por colisión, tales como sistemas de detección baseados en vídeo (tipo DTBird), que son sistemas que traballan de forma independente para facer un seguimento das aves e





mitigar a mortalidade na localización das turbinas. Como medida disuasoria pasiva, recolle o pintado dunha das pas do rotor de cada aerogenerador. Sinalan que o plan de vixilancia ambiental medirá a mortalidade observada neste parque comparándoa coa mortalidade dos parques lindeiros xa existentes con aerogeneradores sen pintar para informar se a medida resulta eficaz.

- O PVA avaliará tanto o impacto dos parques eólicos por colisión sobre as aves e os morcegos como a efectividade das anteriores medidas.

Ademais, engade un anexo I no que se establecen as condicións mínimas para o plan de vixilancia no relativo ao control da mortalidade por colisión durante a fase de explotación. Por último, en relación ao lobo, indican que se terá que dar cumprimento ao punto 18, apartado 5, do Decreto 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia. No primeiro ano de funcionamento do parque eólico, como parte do plan de vixilancia ambiental, deberase remitir á Dirección Xeral de Patrimonio Natural un estudo con datos sólidos sobre a presenza de lobos na área de influencia do parque eólico e realizar unha avaliación e seguimento das posibles afeccións sobre as súas poboacións: estrutura social, zonas de cría, uso do espazo, etc.

Mediante un escrito, Green Capital Power, S.L., acepta parte dos condicionantes recollidos no informe da dirección xeral, mostrándose reticente na adopción da aplicación das medidas para a minimización do impacto por colisión de aves e quirópteros.

A Dirección Xeral de Patrimonio Natural, reitera o sinalado no seu primeiro informe, actualizando o referente ás medidas para a minimización do impacto por colisión de aves e quirópteros. Neste sentido, engade que tendo en conta que a mortalidade por colisión dos quirópteros está vinculada á actividade dos morcegos, condicionada por múltiples factores, no caso de que o promotor queira operar a velocidades inferiores á velocidade de réxime, deberá realizar un estudo que analice con detalle as frecuencias de voo reais en función das condicións de operación. Engade que este estudo poderá presentarse antes ou despois da instalación do parque eólico.

Posteriormente, consonte co requirido polo órgano ambiental, o promotor elabora unha addenda titulada *ADENDA al "Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Maragouto. Septiembre 2020"* (asinada o 13.09.2022), que recolle e avalía os cambios efectuados no proxecto como resultado dos trámites de consultas e información pública.

Este novo documento é informado pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural que indica que, tendo en conta os cambios efectuados na planta, que provocan unha redución da superficie de afección pola eliminación de 3 aerogeneradores e as súas infraestruturas asociadas, determínase un menor impacto sobre os distintos factores do medio ambiente. Ademais, considera que o promotor integra as medidas requiridas en anteriores informes, polo que emite informe favorable.

Complementariamente, e en resposta á solicitude efectuada polo órgano ambiental, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural emite un último informe en relación cos efectos sinérxicos do proxecto derivados do feito de que esta instalación se atopa nunha ADE na que hai proxectados varios parques eólicos.

Refírese á avaliación dos efectos sinérxicos que se recolle no EsIA, no que se consideran os seguintes parques eólicos nun entorno de 5 km: PE Pedregal Tremuzo, PA Pedregal Tremuzo Ampliación, PE Paxareiras I-II A e PE Paxareiras II C, en explotación; e PE San Cosmeiro, PE Vaqueira, PE Ampliación Virxe e PE A Ruña III, en tramitación.

Trala análise desta avaliación realizada polo promotor, a dirección xeral refírese a que os impactos dos parques eólicos sobre o patrimonio natural e a biodiversidade poden xerar efectos acumulativos e sinérxicos, especialmente sobre as poboacións de aves e quirópteros. En Galicia, este tipo de impactos irá en aumento, de forma paralela coa crecente densidade de





aeroxeradores, polo que é necesario valorar os efectos sinérxicos que xeran as aliñacións e conxuntos de aeroxeradores de varios parques eólicos. Engade ademais que as máquinas tripala teñen como efecto máis evidente a morte por colisión de aves e quirópteros, tendo, algunha das especies máis afectadas, poboacións reducidas e baixas taxas de substitución.

Con fin de valorar os efectos sinérxicos, calcula o espazo afectado polos aeroxeradores dentro da área de desenvolvemento eólico (ADE) na que se instalará o parque e as ADE veciñas, considerando que a área afectada por cada aeroxerador se estende en 1 km á redonda de cada posición, e tendo en conta as máquinas en funcionamento ou aprobadas e as dos proxectos con fito en xaneiro 2023. Para valorar a importancia da superficie afectada comparouse a suma de áreas afectadas coa dispoñible dentro da ADE e ADE veciñas, ponderada en función dunha serie de criterios: Rede Galega de espazos protexidos e espazos ben conservados en estudo, Áreas incluídas na Resolución do 18 de outubro de 2021 da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, Reservas da biosfera, ou resto do territorio.

A partir da anterior aproximación, avalía en segundo lugar a situación local. Neste contexto, indica que o proxecto analizado sitúase nunha contorna onde, ademais do parque eólico Maragouto, estarían tramitándose ou en explotación 25 parques eólicos, cun total de 273 aeroxeradores que sumados aos 12 do parque que nos ocupa faría un total de 285 aeroxeradores, dos cales 71 pertencerían ao mesmo promotor. Polo tanto, evidénciase a gran acumulación de parques eólicos e de aeroxeradores existente.

Refírese a que, ao leste da aliñación de aeroxeradores de A Ruña, Paxareiras e Pedregal-Tremuzo, esténdense tres ADE que suman unhas 19.000 ha, e dentro das que (de acordo co Rexistro Eólico de Galicia), preténdense instalar 114 aeroxeradores (35 en funcionamento ou obras actualmente e o resto están a tramitarse). Deles, 52 están promovidos (a través dos proxectos Alvite, Alvite II, Banzas, Maragouto, O Vao e San Cosmeiro) por Green Capital Power, afectando a unha superficie de unhas 6.800 ha (1 km ao redor de cada aeroxerador), o que dá idea da superficie de actuación.

Consecuentemente, argumenta que o proxecto sitúase nunha contorna onde o alto nivel de ocupación podería xerar un efecto sinérxico principalmente de tipo baleiro e/ou barreira sobre a avifauna. Tras analizar as posicións localmente, observa que xa existe unha longa aliñación de aeroxeradores, de máis de 30 km, desde Vimianzo ata a ría de Noia, formando unha barreira que obriga ás aves a realizar grandes cambios de ruta.

Engade que o parque eólico Maragouto sitúase ao suroeste da ADE xunto co PE San Cosmeiro, O Vao e Vaqueira, pechando o pouco espazo dispoñible entre os PE Currás e PE Paxareiras. Entre todos eles forman un denso conglomerado que produce un efecto baleiro e que, ademais, contribúen ao ensanche da barreira eólica que se mencionou. Por todo iso, estímase que o efecto sinérxico e acumulado sobre a avifauna e os quirópteros debe cualificarse como impacto ambiental crítico.

Finalmente, trala súa análise e valoración dos efectos acumulativos e/ou sinérxicos do parque eólico Maragouto, informa que o efecto sinérxico e acumulado sobre a avifauna e quirópteros sería un impacto ambiental crítico, polo que conclúe que o proxecto presenta impactos acusados sobre o patrimonio natural e a biodiversidade e, por tanto, emite informe desfavorable.

O promotor elabora un escrito en contestación a este último informe co asunto *Resposta ao 4º informe de Dirección Xeral de Patrimonio Natural*, no que argumenta o seu desacordo co informado pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural e achega o documento titulado *Análise do efecto barreira e sinerxias dos parques eólicos do "Nudo de Lousame" de Green Capital Power S.L.* (asinado o 29.12.2022).

A Dirección Xeral de Patrimonio Natural emite un quinto e último informe no que, trala análise da resposta do promotor e contestar ás súas consideracións, conclúe novamente que o





proxecto presenta impactos acusados sobre o patrimonio natural e a biodiversidade e, por tanto, emite informe desfavorable.

- Augas de Galicia, informa en relación ao estudo de impacto ambiental de setembro de 2020. Realiza un resumo dos antecedentes e da descrición do proxecto, para posteriormente informar en relación coa rede fluvial, as zonas protexidas, os aproveitamentos hídricos, as zonas inundables e as actuacións susceptibles de causar afeccións ao medio hídrico, respecto ao que cómpre resaltar o seguinte:
 - Indica que existen aeroxeradores, plataformas, zonas de voo das pas, viarios e gabias de cableado que afectan a zona de policía de canles, e 5 cruzamentos de canles fluviais por parte dos viarios e as gabias de cableado, e detalla as ditas afeccións. Lembra a obrigatoriedade de solicitar autorización administrativa no caso de que as obras ou instalacións proxectadas afecten ao dominio público hidráulico (DPH) ou ás zonas de policía (viarios, gabias, zonas de amontoamento ou de campamento de obra, tallas de árbores na zona de servidume, etc.), así como que se deberán definir construtivamente os cruces das canles.
 - En canto as accións susceptibles de causar afeccións ao medio hídrico, lembra que no caso dos camiños a drenaxe transversal e lonxitudinal debe cumprir co establecido no artigo 36 da Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia Costa (PHGC) e resalta a obrigatoriedade de solicitar autorización administrativa se os novos camiños ou as modificacións dos existentes se localizan en zona de policía, así como tamén no caso de vertedura ou para o uso privativo por disposición legal ou concesión administrativa de calquera aproveitamento de augas.

Inclúe a continuación unha serie de condicións principalmente encamiñadas a reducir ou evitar o arrastre de sedimentos aos leitos dos ríos durante os movementos de terras e polo tránsito da maquinaria, para impedir a contaminación das augas superficiais ou subterráneas pola acumulación de substancias ou verteduras, e recalca que se deberá ter especial coidado de non afectar aos niveis freáticos que puideran alterar captación existentes, especialmente, na execución dos alicerces e das gabias.

Finalmente, informa favorablemente sempre que se teña en conta o indicado no seu informe e as directrices recollidas na documentación informada.

O promotor achega un escrito onde mostra a súa conformidade co informado por Augas de Galicia. No entanto, en resposta ao requirimento efectuado polo órgano ambiental, achega posteriormente un escrito coa avaliación dos cambios propostos na configuración do proxecto sobre o medio hídrico. O órgano substantivo remite, ao organismo de cunca, o dito escrito xunto coa addenda elaborada polo promotor titulada *ADENDA al "Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Maragouto. Septiembre 2020"* (asinada o 13.09.2022), coa descrición dos cambios propostos no proxecto.

Respecto a esta última documentación, Augas de Galicia analiza novamente as afeccións ao medio hídrico. Resalta que o voo das pas do aeroxerador M11 afectan ao Dominio Público Hidráulico nun rego innominado (18403302), e lembra que co obxecto de dar cumprimento ao establecido no artigo 7.3 do RDPH, deberán situarse os elementos de parque fóra da zona de servidume dos cursos fluviais, tanto no chan como no voo, e realizarse as actuacións necesarias para no producirse as devanditas afeccións.

Conclúe que o proxecto podería causar impactos ambientais sobre o medio hídrico non evitables coas medidas propostas polo promotor, destacando pola súa importancia a afección á zona de servidume e ao dominio público hidráulico por parte do voo dun aeroxerador do parque eólico que non darían cumprimento ao indicado no artigo 7.3 do RDPH. Engade que para que o proxecto sexa autorizable, deberase modificar a posición do aeroxerador M11.





Na súa addenda de decembro 2022 (ADENDA al “*Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Maragouto. Septiembre 2020*”. *Diciembre 2022* (asinada o 30.12.2022)), o promotor recolle o cambio de posición do aeroxerador M11, desprazándose 31,5 m co fin de evitar a afección do aeroxerador á zona de servidume.

- A Dirección Xeral de Saúde Pública, tras analizar o estudo de impacto ambiental de setembro de 2020 emite un primeiro informe no que avalía o posible impacto do proxecto sobre a saúde humana tendo en conta a caracterización da poboación en situación de risco, os potenciais perigos, as posibles vías de exposición, a avaliación da necesidade de medición da exposición e a avaliación da necesidade do deseño dun estudo de avaliación de risco para a saúde do proxecto. Tras expoñer unha serie de consideracións referidas ao contido da documentación achegada polo promotor, conclúe que no documento non se recolle información ou esta é insuficiente para algúns aspectos que poden ter repercusións sobre a saúde da poboación, polo que estima oportuno que o promotor considere os seguintes aspectos:
 - Non se fai un estudo tendo en conta os posibles efectos acumulativos ou sinérxicos en relación a outros parques da contorna con respecto ao estudo acústico e ao efecto de parpadeo de sombras, especialmente tendo en conta a nova solicitude do PE Vao, proxectado a unha distancia inferior de 500 m con respecto aos aeroxeradores do PE Maragouto.
 - Respecto ao estudo presentado do parpadeo de sombras, non se amosa o axuste levado a cabo para valorar as diferencias observadas entre “modo invernadoiro” e modo “3 fachadas” de ambos modelos presentados (caso peor – caso real) e non refire o desenvolvemento dun plan de seguimento específico do efecto provocado polo parpadeo de sombras durante o primeiro ano, especialmente tendo en conta os elevados valores detectados en varios receptores.
 - Recoméndase a realización dunha estimación dos valores dos campos eléctricos e magnéticos xerados polas instalacións eléctricas do futuro parque.
 - Engade tamén outros aspectos en relación co emprego de gases illantes (SF₆) e outros produtos perigosos, co abastecemento e depósito de auga para consumo humano etc.

Co obxectivo de dar resposta ás consideracións efectuadas, o promotor presenta os documentos titulados *Estudio de Efectos sobre la Salud Pública referido al Parque Eólico Maragouto. Marzo 2022*, *Estudio de parpadeo de sombras. Parque eólico Maragouto. Febrero 2022*, *Respuesta al informe de la Dirección Xeral de Saúde Pública referido al Parque Eólico Maragouto. Marzo 2022* e *Estudio de impacto acústico del Parque eólico “Maragouto”. Marzo 2022*.

Unha vez analizada a nova documentación elaborada polo promotor a dirección xeral considera satisfeitos a maior parte dos requirimentos efectuados, no entanto, indica que no referente as consideracións feitas no mesmo sobre o estudo de parpadeo de sombras, considera o limiar de 30 h/ano de sombra e 30min/día de sombra, tanto para o caso real como para o caso peor, sen ter en conta o limiar de 8 h/ano para o caso real. Polo tanto, fai constar que, en relación ao seguimento das sombras proxectadas sobre os receptores, o promotor deberá aplicar as medidas mitigadoras expostas no caso de superar o limiar de 8 h/ano para o caso “real”, e non de 30h/ano ou 30 min/día, como se refire na documentación.

O promotor achega un escrito onde mostra a súa conformidade co informado pola Dirección Xeral de Saúde Pública.

- A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior emite un informe no que indica que revisada a documentación se estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é baixo, todo elo sen prexuízo de que, de estar afectado polo Decreto 171/2010, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, o titular deberá elaborar e implantar o plan, elaborado por técnico competente, e que deberá acompañar aos restantes documentos necesarios para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente á autorización de inicio da actividade por parte da autoridade competente.





Engade que o Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle no seu anexo I aquelas actividades susceptibles de xerar situacións de grave risco colectivo, catástrofe ou calamidade e os centros ou instalacións que poden resultar afectados de maneira especialmente grave por situacións dese carácter, polo tanto, se é o caso, o titular deberá implantar, manter e revisar o seu propio plan de autoprotección, que é o documento que prevé as emerxencias que se poden producir a consecuencia da súa propia actividade e as medidas de resposta ante situacións de risco, de catástrofes e de calamidades públicas que podan afectar ao proxecto.

O promotor achega un escrito onde mostra a súa conformidade ao informe da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

- A Axencia Turismo de Galicia emite un informe sobre o estudo de impacto ambiental de setembro 2020. Tras analizar todos os posibles impactos que puidera xerar o proxecto, deduce que o impacto global será compatible, e polo tanto asumible coa consideración das medidas recollidas no programa de vixilancia ambiental. Sinala que na fase de construción o impacto máis significativo no aspecto turístico viría determinado pola existencia de maquinaria na contorna das obras nun breve período de tempo e que na fase de explotación serían o impacto visual e as emisións sonoras, sendo este último o máis daniño para o turismo rural. Conclúe que dado o alcance das actuacións que se pretenden facer e ante a ausencia de medidas compensatorias relativas, considera o impacto turístico significativo pero asumible.

O promotor achega un escrito onde mostra a súa conformidade co informe da Axencia Turismo de Galicia.

- O Concello de Mazaricos e o Concello de Outes, non emitiron informe sobre o EsIA, achegando o órgano substantivo unha copia das solicitudes de informe efectuadas, polo que, unha vez esgotado o prazo para a súa emisión, considerou procedente continuar coa tramitación.
- Así mesmo, constan os seguintes informes técnicos do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Coruña:
 - Informe relativo á normativa de instalacións industriais e eléctricas de acordo co previsto no artigo 33.16 da Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon e o Fondo de Compensación Ambiental, no que se informa favorablemente o proxecto do parque eólico Maragouto.
 - Por outra banda, na súa condición de unidade tramitadora do órgano substantivo, recolle nun informe un resumo da tramitación practicada no expediente, tanto no referente á obtención dos condicionados técnicos do proxecto como á tramitación ambiental. Inclúe, ao respecto, un resumo dos informes obtidos no trámite de consultas e a relación e resumo das alegacións presentadas durante a información pública e as respostas do promotor ás mesmas. Como conclusión, establece que procede continuar coa tramitación do expediente.
- No tocante ás alegacións con contido ambiental, no expediente remitido polo órgano substantivo constan un total 200 alegacións presentadas por asociacións ou organizacións e particulares.

Unha parte do contido de varias das alegacións non reviste carácter ambiental, referíndose a cuestións alleas ao ámbito competencial do órgano ambiental (cuestións xurídicas, plan sectorial eólico, afectacións económicas e desde o punto de vista urbanístico, afectación a explotacións agrogandeiras...) que de ser o caso son obxecto doutras fases da tramitación por parte do órgano substantivo de cara ao outorgamento da autorización administrativa do proxecto, ou ben non atinxe á tramitación da avaliación de impacto ambiental de proxectos de cara á formulación da declaración de impacto ambiental.





6. PROPOSTA

Logo de finalizar a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental, e á vista do que se desprende do informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural en canto aos efectos significativos do proxecto sobre o patrimonio natural e a biodiversidade, considérase que a actuación proxectada non é ambientalmente viable, polo que se propón formular unha declaración de impacto ambiental desfavorable do proxecto.

Conforme

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental
(asinado electronicamente)

RESOLVE

Formular a declaración de impacto ambiental desfavorable do proxecto do parque eólico Maragouto nos termos propostos polo Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Esta declaración de impacto ambiental farase pública a través do Diario Oficial de Galicia e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e remitiráselle ao órgano substantivo para os efectos que correspondan no marco do procedemento de autorización administrativa das instalacións.

De acordo co artigo 41.4 da lei de avaliación ambiental, a declaración de impacto ambiental non será obxecto de recurso sen prexuízo dos que, se é o caso, procedan na vía administrativa e xudicial fronte o acto de resolución substantiva do procedemento.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
(asinado electronicamente)

